

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2026, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se publica a resolución do 19 de xuño de 2026 de selección de entidade privada sen ánimo de lucro no procedemento de asignación do concerto social para a execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213E).

No *Diario Oficial de Galicia* número 55, do 24 de marzo de 2026, a través da Resolución do 12 de marzo de 2026, da Consellería de Política Social e Igualdade, publícase a convocatoria do procedemento de asignación de concerto social para a execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213E).

Unha vez instruído de conformidade coas bases do procedemento de selección, tras a valoración dos criterios e emitida a proposta emítese polo órgano competente con data 19 de xuño de 2026 a resolución que finaliza o dito procedemento, a Consellería de Política Social e Igualdade de conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

A epígrafe 7 da cláusula M) do anexo I da Resolución do 12 de marzo de 2026, establece que a resolución de concertación será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a publicación terá os efectos da notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da resolución do 19 de xuño de 2026 ditada no procedemento BS213E de selección de entidade

CVE-DOG: yh5jczq3-xa70-lda8-1x20-nz67claoor18



privada sen ánimo de lucro para a execución do programa de promoción e apoio ao aco-llamento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027, que se xuntará á presente Resolución no Anexo.

Segundo. Comunicar que a resolución do 19 de xuño de 2026 que finaliza este procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Notificada a resolución polo órgano competente, procederase á formalización do concerto coa entidade seleccionada.

A formalización deste concerto social, de acordo co establecido no artigo 19 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, farase mediante un documento administrativo dentro dos trinta (30) días seguintes ao da publicación da resolución de concertación.

O concerto social perfeccionarase coa súa formalización e non se poderá iniciar a súa execución sen terse efectuado esta previamente.

Efectuada a formalización, a entidade concertada estará obrigada a prestar ás persoas usuarias os servizos sociais nas condicións establecidas na normativa sectorial aplicable, na resolución da convocatoria do concerto social e, de ser o caso, nos criterios de preferencia e selección da entidade.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2026

Jacobo José Rey Sastre
Director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

CVE-DOG: yh5jczq3-xa70-lda8-1x20-nz67claoor18



ANEXO

Resolución do 19 de xuño de 2026 pola que se selecciona unha entidade privada sen ánimo de lucro para a concertación, mediante procedemento de asignación de concerto social, da execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213E)

A través da Resolución do 12 de marzo de 2026 pola que se publica a convocatoria, mediante o procedemento de asignación de concerto social, da execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa FSE+Galicia 2021-2027 (código de procedemento BS213E), para selección de entidade privada sen ánimo de lucro para a execución do citado programa.

Unha vez examinadas as solicitudes polo órgano instrutor, avaliadas as ditas solicitudes pola Comisión de Valoración, vista a proposta de resolución formulada pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

RESOLVO:

Primeiro. Seleccionar para levar a cabo a execución do programa de promoción e apoio ao acollemento familiar especializado con dedicación exclusiva de nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección, á seguinte entidade, en aplicación dos criterios de selección e preferencia da cláusula O) do anexo I da Resolución do 12 de marzo de 2026, publicada o 24 de marzo de 2026 no *Diario Oficial de Galicia* núm. 55.

Consonte aos criterios de valoración reflectidos no texto da resolución, a Comisión de Valoración establece a seguinte puntuación para a entidade presentada ao concerto:

Descrición	Puntuación
A. Calidade do Proxecto técnico	32,75
B. Instalacións nas que se levará a cabo o servizo	5,5
C. Medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade	0
D. Experiencia do persoal técnico asignado ao proxecto	3,5
E. Formación do persoal asignado ao proxecto	15
F. Por cada ano de servizo acreditado pola entidade no ámbito da protección á infancia e á adolescencia	10
Total	66,75

Segundo. Adxudicar o concerto social do xeito que a seguir se indica polo importe que se sinala á entidade seguinte:

CVE-DOG: yh5jczq3-xa70-lda8-1x20-nz67claoor18



Entidade: Aldeas Infantiles SOS de Galicia de Vigo.

NIF: G36639896.

Código do Procedemento: BS213E.

Modalidade de concertación: Procedemento de asignación de concertos.

Data de publicación: 24.3.2026.

Prazo de execución: o prazo de duración do concerto será desde a data da súa formalización ata o prevista para o 1.7.2026 ata o 30.6.2029.

O importe de adxudicación (exento de IVE) é o seguinte:

Resumo de gastos	Resumo de gastos 2026 (184 días)-2029 (181 días)				
Tipo de custo	Ano 2026 184 días	Ano 2027	Ano 2028	Ano 2029 181 días	Total gastos 2026 (184 días) -2029 (181 días)
A) Custos tramo fixo	104.400,17 €	221.754,75 €	231.674,14 €	119.205,34 €	677.034,40 €
a.1) Custo de persoal	87.628,11 €	188.484,08 €	198.312,32 €	102.706,73 €	577.131,24 €
a.2) Custos de funcionamento	16.772,06 €	33.270,67 €	33.361,82 €	16.498,61 €	99.903,16 €
B) Custos tramo variable	321.160,15 €	699.112,11 €	738.803,03 €	386.178,40 €	2.145.253,69 €
b.1) Custos da dedicación exclusiva da familia acolledora	321.160,15 €	699.112,11 €	738.803,03 €	386.178,40 €	2.145.253,69 €
Totais	425.560,32 €	920.866,86 €	970.477,17 €	505.383,74 €	2.822.288,09 €

Terceiro. Asinar o concerto social coa entidade seleccionada dentro dos trinta (30) días seguintes ao da publicación das resolucións de concertación, segundo indica o artigo 19 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarto. Contra esta resolución que esgota a vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto. A resolución de concertación será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a publicación terá os efectos da notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tal como se indica no artigo 17.2 do Decreto 229/2020, do 17 de decembro.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2026. Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade.

